

The background of the entire image is a close-up of a highly decorative wrought-iron fence. The fence features intricate scrollwork and two prominent cherub figures. The cherub on the left is seated and playing a lute-like instrument. The cherub on the right is also seated, playing a violin. Between them is a central urn-like finial. The metal is weathered and shows signs of age. A semi-transparent purple banner is overlaid across the top half of the image, containing the title text. In the bottom right corner, there is a purple triangular graphic element containing the word 'GAL'.

LUCES E VOCES DA
ALAMEDA
COMPOSTELÁ

GAL



O parque máis insigne da cidade

A Alameda é, de sempre, a casa dos veciños e veciñas de Compostela, un escenario de paseos, bailes, xogos e adestramentos, unha testemuña muda de bicos e conversas. Sempre ao noso carón, sempre acolledora, sempre diferente.

Este itinerario permite redescubrila a través de personaxes senlleiras e outros fitos da historia de Santiago e Galicia nela presentes, que son tamén focos da nosa historia persoal, achegando así unha nova perspectiva.

A carballeira de Santa Susana é a zona máis antiga e a Alameda desenvolveuse a partir dela; de feito, a lenda sitúa nesta zona o monte Libredón, aquel no que apareceron os restos do Apóstolo Santiago.



No século XVIII comezou a tomar forma ao plantárense centos de árbores para embelecer a entrada da cidade. No século seguinte foi collendo xeito de parque coa creación do paseo central, o rebaixe do outeiro para conformar o paseo da Ferradura, a instalación dun peche monumental, o palco da música, os bancos etc. Despois chegarían os monumentos, as escalinatas de conexión coa contorna, o pavillón de Antonio Palacios...

O paseo arborado inicial e a carballeira foron o lugar das feiras e festas da Ascensión e do Apóstolo -as máis afamadas de Galicia-, de paseos dominicais, dos primeiros desfiles do Entroido, de bailes de verán ou dos xogos da infancia dos homes e mulleres desta cidade.



Hoxe en día a Alameda é un espazo monumental onde unha vexetación vizosa é escenario da vida compostelá.

LUCES E VOCES DA ALAMEDA COMPOSTELÁ



PORTA FAXEIRA

A vella cidade amurallada abríase neste lugar á contorna, ao camiño do Pontevedra, ao barrio do Pombal de Faxeiras e ao outeiro de Santa Susana. Noutro tempo había aquí unha porta monumental presidida por dous leóns -os que hoxe abren o paseo do seu nome- que avisaba ao paseante da entrada nun territorio diferente, dominado pola natureza.

Aquel peche desapareceu pero hoxe as árbores exuberantes ou singulares anuncian que entramos nunha sorte de xardín botánico e a fonte monumental do antigo colexio de San Clemente que estamos nunha zona patrimonial de primeira magnitude.



AS DÚAS MARÍAS

(1898-1980 e 1914-1983)

Maruxa e Coralía Fandiño Ricart foron coñecidas xa en vida como “as Dúas Marías” ou “as Dúas en Punto” e a súa esencia queda recollida nesta obra de Cesar Lombra instalada en 1994.

Foron represaliadas durante o Franquismo, acosadas e aldraxadas na súa casa e nas rúas pola militancia familiar no anarquismo. Cada día, case até o final das súas vidas, saían pasear pola cidade ás dúas en punto, guapas, coloridas e alegres encarnando na súa actitude o rexeitamento público da vida gris e de medo que impoñía a ditadura. A súa actitude de resistencia e resiliencia é a que homenaxe a esta escultura, que as retrata na súa imaxe máis lembrada.

RAMÓN MARÍA DEL VALLE-INCLÁN

(1866-1936)

Valle estivo moi vinculado a Compostela desde os seus tempos de estudante, cando ademais das clases levaba a vida bohemia e estudantil que lembraría sempre. Por iso Santiago ten importante presenza na súa obra e por iso volveu aquí para pasar os últimos meses antes do seu falecemento, en xaneiro de 1936, na nosa cidade.

Contan que nese tempo, estando doente, era común ver a súa figura espigada e barbuda paseando pola Alameda e sentando neste mesmo banco para contemplar a súa *Compostela, rosa mística de pedra*.



ISAAC DÍAZ PARDO

(1920-2012)

Foi un artista polifacético cunha obra singularísima e ligado a proxectos fundamentais da nosa cultura como o da cerámica de Sargadelos. Isaac encarna para os galegos e galegas de hoxe a memoria e o sentimento da Galicia anterior á Guerra Civil, a que dignificou a lingua e a cultura do país, a que conectou co mundo e que defendeu o primeiro Estatuto de Autonomía. Representaba, sendo daquela un mozo, o mellor daquel tempo.

Por iso, no ano do seu centenario, a cidade decidiu homenaxear un dos seus fillos máis senlleiros e queridos e reservoulle este lugar no que contempla o seu amado barrio das Hortas.

HOMENAXE A CARLOS MASIDE

(1897-1958)

Soledad Penalta asina esta obra en ferro inaugurada no 2022. Dotada de monumentalidade e dinamismo, retrata aos escritores Uxío Novoneyra e Manuel María acompañando ao pintor Carlos Maside nun paseo pola Ferradura.

Vinculado ás vangardas culturais galegas dos anos 20 e 30 do s. XX, Maside abriu estudio en Santiago en 1932 e mantivo unha fonda relación coa cidade toda a súa vida, reflectindo na súa obra estampas e persoeiros daquela Compostela.

Represaliado, tras o golpe de estado de 1936 viviu nunha sorte de exilio interior, pero en contacto cos intelectuais das novas xeracións.



O BANCO DOS NAMORADOS

Rosendo Salvado (1814-1900), monxe de Tui que chegou a ser bispo en Australia, enviou a Santiago sementes de eucalipto; algunhas puxéronse nesta alameda e son hoxe árbores centenarias coma esta. O chamado banco dos namorados percorre o seu perímetro de máis de 8 metros e brinda unha das mellores vistas á cidade vella.

Conta a tradición que para casar hai que dar unha volta arredor do banco; do que non hai dúbida -á vista das inscricións no tronco- é de que banco e árbore asistiron silenciosos a moitas conversas e promesas de amor.

A LEITEIRA

Forza e determinación son as emocións que con máis forza transmite esta escultura, que nace dun bosquexo de Gabriel José Eiroa (1892-1935).

Eiroa era un escultor cunha linguaxe artística propia que buscaba retratar a esencia do pobo galego; de aquí ven o seu gusto polos volumes simples, as expresións rotundas e as formas case esquemáticas.

Vemos todo iso neste retrato da leiteira, que é unha muller de idade indefinida, vestida co traxe tradicional e cos dous elementos máis identificables do seu oficio: a cántara e o cuartillo.



A FONTE DE MÁRMORE

Esta fermosa peza, rodeada dunha vexetación exuberante, foi fabricada en Barcelona para a praciña central do antigo mercado, en San Fiz. Alí estivo entre 1872 e 1932, cando chegou á Alameda; na década de 1970, foi trasladada a este lugar. Os canos dos que mana a auga lembran aquel tempo, cando enchían as sellas e os baldes de casas e postos de venda.

O deseño é de Agustín Gómez. É unha das poucas fontes de mármore desta cidade e a súa cor e a elegancia das súas formas fan que destaque especialmente neste lugar, dándolle un aire romántico á contorna.

MONUMENTO A ROSALÍA DE CASTRO

(1837-1885)

Este obelisco monumental ten unha situación privilexiada, sinalando a excepcionalidade de Rosalía, a filla máis senlleira desta cidade. Foi inaugurado en 1917, é obra dos escultores Isidro de Benito e Francisco Crivillés e foi financiado por subscrición popular.

Vemos nel a propia Rosalía, coa pose meditativa que naquel tempo simbolizaba a melancolía; do outro lado unha parella con aire pensativo que, polos versos que a acompañan, alude ao sentimento de morriña propio de quen vive fóra da terra. En conxunto é unha representación do carácter romántico da súa obra e das emocións que nela vibran.



FEDERICO GARCÍA LORCA

(1898-1936)

O poeta visitou Compostela en varias ocasións e tivo coa nosa cidade un idilio que floreceu nos *Seis poemas galegos*, publicados en 1935.

Anos antes, en 1932, estivera en Santiago coa compañía teatral La Barraca. Daquela estadiá consérvase unha foto que amosa a Federico nas escaleiras da Quintana e así o retrata o escultor Álvaro de la Vega, coa mesma funda azul do grupo teatral e un aceno cordial.


A peza mira cara a Rosalía, cumprindo simbolicamente o desexo do escritor de facer unha homenaxe á poeta e levarlle unha camelia branca. Unha árbore descaste foi plantada aquí preto.

MONUMENTO A PEDRO PAIS LAPIDO (1841-1917)

Pedro Pais Lapido foi unha das persoas que fan avanzar o mundo. Compostelán de nacemento, promoveu e apoiou unha chea de iniciativas orientadas ao progreso da cidade e de Galicia, entre elas a Exposición Rexional de 1909.

Santiago recoñeceu con este monumento o valor do seu compromiso cívico e por iso se autorizou a construción neste lugar e se promoveu a subscrición popular que o financiou en 1918.

É un obelisco coroado polo busto de Pedro Pais; debaixo del atopamos unha alegoría de Galicia, encarnada na figura dunha muller que amosa un mural coa entrada principal da Exposición Rexional. É obra de José Mateo Larrauri e ten un carácter moi compostelán polo traballo da pedra e o seu aire suntuoso e sereno.



PAVILLÓN DE RECREO ARTÍSTICO E INDUSTRIAL

Este é o único edificio que queda da Exposición Rexional Galega de 1909, cando serviu de sala de exposicións e de café-restaurant. É unha obra temperá do arquitecto Antonio Palacios e un dos seus traballos menos coñecidos.

Trae a nós a lembranza da arquitectura elegante de París ou Viena e combina aquel “bo gusto” do tempo, que se aprecia nos elementos decorativos e na escaleira case monumental, co lugar en que se asenta (ten grandes xanelas que se abren ao parque) e co seu uso (tiña teitos altos e distribución aberta). Polo que se ve nas imaxes da época mantíña a continuidade co resto dos pavillóns da mostra, xa que a inspiración do conxunto é a da arquitectura centroeuropea.

HOMENAXE A CASTELAO

(1886-1950)

Francisco Leiro é o autor desta peza de gran forza expresiva e plasticidade, que foi instalada en 1995. No corazón desta carballeira ancestral érguese a masa pétrea que lembra a xeografía de Galicia e presenta unha figura que evoca a imaxe dun petróglifo. A figura humana fúndese coa pedra e achégalle un novo sentido ao granito negro, como dándolle vida.

É unha obra na que o escultor quixo reflectir o espírito de Castelao e os valores patrióticos que encarna, como o amor ao país e o compromiso cívico, alicerces do sentimento nacionalista.



IGREXA DE SANTA SUSANA

Este templo de silueta romántica coroa e dá nome ao outeiro de Santa Susana. Construíuse para gardar nel as reliquias da santa que trouxo o arcebispo Xelmírez á cidade en 1102. O seu adro foi escenario de asembleas veciñais e de todo tipo de actos cidadáns e ao seu arredor celebrouse a feira de gando até hai poucas décadas; por iso é un dos corazóns da cidade e da súa memoria.

A igrexa foi modificada nos séculos XVII e XIX pero conserva nos canzorros que sustentan o tellado e na feitura interior o seu aire orixinal, que é románico; tamén na portada que, aínda que modificada, mantén aínda os capiteis antigos, de gran beleza.

Iluminación artística

Os puntos incluídos neste itinerario son obxecto de intervencións de luz e cor na época máis escura do ano, coincidindo co solsticio de inverno e tamén arredor do solsticio de verán, para celebrar con orgullo a Compostela Diversa.

O acendido coincide co solpor. Así, durante o mes de decembro e primeiros de xaneiro, comparte horario coa iluminación festiva de Nadal, contra as 18 hrs., e prolóngase ata a ben entrada a noite. No verán acéndese co crepúsculo, arredor das 22 hrs.

Esta acción, promovida por Turismo de Santiago, pretende poñer de relevo os citados lugares e monumentos da Alameda, ademais de animar a percorrer de xeito distinto este emblemático xardín, que é sen dúbida o máis querido de Compostela.





Un itinerario para descubrir personaxes e fitos senlleiros da historia de Santiago e Galicia presentes neste xardín histórico.

ORGANIZA: Turismo de Santiago de Compostela
TEXTOS: dehistoria
DESEÑO: R. Boo
ILUMINACIÓN ARTÍSTICA ORIXINAL: Kachet
AGRADECIMENTOS: Dpto. de Lingua Galega do
Concello de Santiago de Compostela

Turismo de Santiago de Compostela
Rúa do Vilar, 63
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)
+34 981 555 129
info@santiagoturismo.com | santiagoturismo.gal